

GUÍA PARA ACCEDER E OPERAR EN CRONOS WEB

[A plataforma en liña do Servizo Municipal de Deportes]



RENOVACIÓNS EDM

1	IDENTIFICACIÓN	1
2	RENOVACIÓN DA MATRÍCULA	5
3	PAGO DA TAXA	6

1 IDENTIFICACIÓN

[1.0] PASO PREVIO: ALTA NA PLATAFORMA

Para poder usar a plataforma Cronos Web é necesario estar previamente de alta na mesma.

Esta **alta inicial** farase **de xeito presencial** en calquera dos **rexistros de Deportes**, presentando o DNI ou documento identificativo análogo (NIE, pasaporte, etc.), e indicando un enderezo de correo electrónico, que será o que permita posteriormente o acceso á plataforma en liña.

As persoas que van renovar nas actividades das Escolas Deportivas xa constan na base de datos.

[1.1] ACCESO Á CRONOS WEB


Acceder á páxina de Cronos Web para a formalización de inscricións en liña a través da ligazón inserida na web de Deportes ou da enviada por correo electrónico, se é o caso, e unha vez nesa páxina, premer no botón **“Identificación cidadanía”**.



Identificación cidadanía
Inicia sesión con Google, Facebook / Instagram, Twitter, Certificado o coa túa conta de usuario do Concello da Coruña



Entrar sen identificarse
Poderas comprar entradas, bonos e realizar aluguer de instalacións





The screenshot shows the login interface for 'Deportes Coruña'. At the top, there is a header with the 'Concello da Coruña' logo and the text 'Galego v'. The main heading is 'Iniciar sesión'. Below this, a message states 'Unha única conta para todos os servizos do concello'. The title 'Deportes Coruña' is prominently displayed, followed by the instruction 'Elixe o medio de identificación'. There are five buttons for different login methods: Google, Facebook, Apple, Twitter, and 'Cert. dixital / cl@ve'. Below these is a section titled 'Ou inicia sesión con o teu correo' with a label 'Enderezo electrónico' and an empty input field. A blue arrow points to this input field from the text 'Para iniciar sesión.'. Below the input field is a small paragraph of text about cookies and privacy, with links to 'política de cookies e privacidade' and 'política de privacidade'. At the bottom, there is a blue button labeled 'Iniciar sesión' and a grey button labeled 'Usuario novo? [Rexístrate](#)', with an orange arrow pointing to the 'Rexístrate' link from the text 'Se non ten unha conta xa creada, deberá pinchar en "Rexístrate" e pasará a unha pantalla como a da seguinte páxina.'

A continuación, deberase iniciar sesión para poder acceder á formalización da matrícula mediante unha pantalla como a da esquerda.

Haberá que rexistrarse previamente, se non se fixo antes.

IMPORTANTE: A conta de correo debe ser a mesma que consta no rexistro de Deportes. Por este motivo, no caso de dúbidas, recomendamos contactar para verificalo.

Se dispón de certificado dixital ou clave, pode acceder premendo no botón correspondente.

Para iniciar sesión.

Se non ten unha conta xa creada, deberá pinchar en "**Rexístrate**" e pasará a unha pantalla como a da seguinte páxina.

Crea a túa conta

Cubre o formulario con algúns datos básicos.
Poderalos cambiar máis adiante se o desexas.

Correo electrónico (*)

Elixe o teu contrasinal de acceso (*)

Repite o contrasinal (*)

Nome (*)

Apelidos (*)

Alias (*)

Móbil


Ao rexistrarte aceptas os [termos](#) e [as condicións de uso](#)

[Volver](#)[Crear unha conta](#)

NOTA: O correo electrónico debe ser o mesmo que se indicou no momento de darse de alta de xeito presencial no rexistro. Recomendamos prestar atención a introducilo correctamente así como cumprimentar o dato do teléfono móbil.

Unha vez cumprimentado o formulario, prémese en “*Crear unha conta*” e procédese a iniciar a sesión.

Abrirase unha pantalla como a seguinte:




Deberá escollerse o método de identificación que se prefira e seguir os pasos para iniciar a sesión.

2 RENOVACIÓN DA MATRÍCULA

Iniciada a sesión, deberá **premer** en “**Renovacións EDM – Cambios de grupo por idade**” e seguir os pasos indicados:



Accederase á seguinte pantalla, onde a priori semella que non hai ningunha clase para renovar.




Cómpre **pinchar na icona da persoa que vai renovar**, neste caso a meirande parte son menores de idade. No exemplo anterior, sería no círculo que pon Proba.

Deste xeito, aparecerá a/s clase/s onde se pode renovar para o vindeiro curso:



Premendo na clase, pasará á pantalla de pago.

3 PAGO DA TAXA




Concello da Coruña P1503000J
Praza de María Pita, s/n, 15001, A Coruña

PP Proba Menor

Tipo de pago da cota


[Continuar](#)

Premendo en “[Continuar](#)”, pásase a unha pantalla como a seguinte:



Concello da Coruña P1503000J
Praza de María Pita, s/n, 15001, A Coruña

PP Proba Menor

 **PRUEBA RENOVACION +18 2 DIAS/SEMANA**
Betea (01/10/2024 - 30/06/2025)
mércores, 19 de xuño de 2024

7,00 €

Total 7,00 €

[Eliminar o carrízo](#)

Datos de envío do xustificante

Acepto as Condicións legais e a Política de privacidade

[Confirmar a compra](#) [Seguir comprando](#)

Antes de efectuar o pago, é necesario aceptar as condicións legais e a política de privacidade.

Para efectuar o pago, deberán introducirse os **datos da tarxeta e confirmar a compra.**

Chegará á dirección de correo electrónico que teña rexistrada na plataforma o resgardo da inscrición.